



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Expediente núm.: 2024/C003/000001

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato procedemento aberto supersimplificado ou simplificado sumario

Asunto: “Proxecto técnico de mellora de camiños rurais na parroquia de Serantes, Concello de Laxe”. Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, de Agader

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

Este concello ten concedida unha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dentro das actuacións incluídas no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, para a realización das obras do “Proxecto técnico de mellora da camiños rurais na parroquia de Serantes, no Concello de Laxe” de acordo co proxecto redactado en febreiro de 2024 polo enxeñeiro de obras públicas D. David Piña Villar, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO, por un valor estimado de 46.646,68 euros, con 9.795,80 euros de IVE, facendo un importe total de 56.442,48 euros.

Vistos os prazos de xustificación da dita subvención nas que se establece o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondente á anualidade 2024 será o 16 de outubro de 2024, con posibilidade de ampliarse excepcionalmente ata o 11 de decembro de 2024, faise necesario proceder á contratación das ditas obras canto antes.

O obxecto do contrato é a realización das obras de mellora de camiños rurais na parroquia de Serantes que dan acceso a parcelas agrícolas:

- Tarefas de mellora e mantemento en Camiño Canle (na parroquia de Serantes), que da acceso a 27 parcelas clasificadas no Sixpac como pastizal ou terra arable.
- Tarefas de mellora e mantemento en Camiño en Trasfontáns (parroquia de Serantes), que da acceso a 34 parcelas clasificadas no Sixpac como pastizal ou terra arable.

Os dous son camiños municipais que dan acceso a parcelas agrícolas e que necesitan ser arranxados para mellorar o acceso e o paso ás ditas parcelas.

2.Descripción da situación actual

Na actualidade, os camiños de acceso a parcelas agrícolas sobre os que se pretende actuar presentan firmes con base de rodadura en rego asfáltico altamente deteriorados, con presenza de baches. Ademais de realizarse a limpeza das cunetas, cunha evidente falta de mantemento, nas que se acumula terra vexetal e maleza, o que conleva un incorrecto drenaxe da plataforma de rodadura dos camiños, sobre todo en períodos de fortes choivas.

As causas de que os firmes se degraden están na insuficiencia da capacidade dos materiais que o forman para soportar sen rotura as tensións e deformacións que orixina unha determinada solicitação (ordinariamente cargas de tráfico, modificacións de forma debidas a asentos ou a hinchamentos ou cambios de temperatura), no efecto da auga nos períodos de choiva ou no avellentamento e un mal mantemento dos mesmos.



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Isto conleva molestias aos veciños e veciñas do concello que se serven destes camiños para acceder ás parcelas agrícolas, explotacións agrogandeiras e bens inmobles agrícolas da súa propiedade.

As actuacións que se executarán con este proxecto son as correspondentes á mellora e mantemento do firme dos camiños obxecto da actuación e do drenaxe lonxitudinal (cunetas) dos mesmos de maneira que se permita ofrecer ás persoas usuarias un mellor servizo. Así mesmo, no camiño en Trasfontáns realizarase unha mellora da sinalización mediante o pintado de sinalización horizontal de STOP. Todo isto dentro dunha eficiente xestión dos recursos municipais.

3. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato de obra consiste na execución do Proxecto denominado “PROYECTO TÉCNICO DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NA PARROQUIA DE SERANTES, NO CONCELLO DE LAXE”, incluído dentro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. David Piña Villar, en data febreiro de 2024, segundo as prescricións técnicas particulares recollidas no mencionado proxecto.

4. Necesidade e investimento social derivado deste contrato

Actualmente os camiños presentan un estado bastante deteriorado, polo que se fai necesario proceder a realizar tarefas de mellora e mantemento.

Estes camiños dan acceso a parcelas agrícolas e o obxectivo é realizar estas actuacións de mantemento e mellora dos mesmos para mellorar e facilitar o acceso ás parcelas agrícolas.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. d) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade polo que é preciso proceder ao mantemento dos camiños obxecto da actuación e, dado que foi un proxecto aprobado para incorporalo como investimento no Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, é necesario licitar a contratación da dita obra.

5.- Valor estimado do contrato (IVE non incluído) (art. 101 e 116.4 d)

O valor estimado do contrato ascende a contía de 46.646,68 € (IVE excluído).

6.- Nomenclatura CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado

7.- Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato (art. 62.1 da LCSP)

Técnicos municipais e director das obras.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

8.- Responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada (art. 62.2 da LCSP)

Director das obras.

9.- Xustificación, no seu caso, de non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos (art. 99.3 e 116.4 g) LCSP)

O art. 99.2 da LCSP establece que non se poderá fraccionar un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou relativos ao procedemento de licitación, engadindo o art. 99.3 que sempre que a natureza do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes, mediante a súa división en lotes, podendo reservarse lotes conforme ao disposto na disposición adicional 4ª.

De acordo co informe técnico de data 08/08/2024, emitido por D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019) *“En base ó disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos co sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), o técnico que informa considera motivos válidos, a efectos de xustifica a non división en lotes do contrato, os seguintes:*

7.1. Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a optimización do control da execución global do contrato*
- Coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a coordinación da execución das prestacións*
- Coa división en lotes do obxecto do contrato incrementaríase os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.”*

10.Análise Técnica e Económica.

A análise detallada do proceso técnico da obra consistente no mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas está recollida en detalle no Proxecto que se incorpora ao expediente de contratación, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. David Piña Villar, en data febreiro 2024.

Do punto de vista económico, esta actuación está financiada nun 82,64% pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, para o que este concello ten concedida unha subvención por importe de 46.646,68 euros. Para o importe restante, o concello dispón de consignación orzamentaria suficiente para financiar a parte correspondente á aportación municipal da realización da dita obra.

RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios	Agader
9.795,80 €	46.646,68 €

11.Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

A realización deste investimento atópase dentro dos parámetros impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira establece os procedementos necesarios para a aplicación efectiva dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira; así como o establecemento dos límites de déficit e débeda, os supostos excepcionais nos que poden superarse e os mecanismos de corrección das desviacións; e os instrumentos para facer efectiva a responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento, en desenvolvemento do artigo 135 bis da Constitución de 1978 e no marco da normativa europea.

Así, o artigo 3 recolle o principio de estabilidade orzamentaria:

1. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.
3. En relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 desta Lei entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

En relación co artigo 4.2, que define como “sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Desde esta perspectiva, tendo en conta que o gasto do investimento se financia con ingresos de Agader, tamén cómpre sinalar que o Concello de Laxe conta con consignación nos orzamentos municipais de 2022 prorrogados para o ano 2024 para cubrir os gastos que xere para a facenda local a realización destas obras.

Con respecto aos gastos de mantemento, non se estiman aumentos do custe para os vindeiros anos que deriven da realización desta obra, polo que se manterá nos mesmos termos o custe asociado a este servizo de mantemento e que se financiará cos gastos xa consignados e consolidados no correspondente programa orzamentario.

12. Análise do Procedemento

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de obra a teor do artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

O procedemento previsto, á vista do importe do proxecto, será o aberto simplifícadísimo ou simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP.



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O prazo de execución das obras é de 3 MESES, segundo o estipulado na memoria do proxecto. Non obstante, ao estar a contratación financiada con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e ter que estar xustificada a anualidade correspondente ao ano 2024 con data límite o 11/12/2024, a adxudicataria deberá comprometerse a ter finalizada a parte correspondente á anualidade 2024 antes do día 03/12/2024.

Laxe, na data de sinatura da marxe

O alcalde,

Asdo. Francisco Charlín Oróns

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE